



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catorce de febreiro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, por ausencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten o Sr. Presidente don José Tomé Roca, o señor deputado don Iván Castro Díaz e a señora deputada dona Iria Castro Fernández

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	1/36



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de febreiro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL, NAS ZONAS 1, 2, 3, 4 E 8, 2025-2027.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes dos servizos “Execución de diversas operacións de conservación e mantemento da vialidade na Rede viaria provincial nas zonas 1, 2, 3, 4 e 8. 2025-2027” expediente nº: 2025/CON_02/000004, consta no mesmo:


1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VEPBNF4P36SPL4BECAVDU4U.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7VEPRCNZ7S7SUJSFFTCVRCKQ.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7VEL2DOEG36TJM3RNB6YRXGQ.
4. Informe de persoal con dereito a subrogación, con CSV: IV7VFSYHRV3L5ESTUAAK4JGME.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VG3Q7FQMZX2FTYV5BGTTGI4.
6. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7VG3Q5ZIPJXPWDUYFUB73P54.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.-Aprobar a contratación por lotes dos servizos “Execución de diversas operacións de conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial nas zonas 1, 2, 3, 4 e 8. 2025-2027”.Expediente Nº: 2025/CON_02/000004.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	2/36





do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, contemplando a modalidade do procedemento e plena definición das prestacións a contratar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de contratación de servizos suxeita a regulación harmonizada, será de 30 días naturais, contados desde a data de envío ao DOUE, precisando na Plataforma de Contratos do Sector Público o último día para presentar proposicións (art. 156.2 e 156.3 ap.c) da LCSP).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 3.880.071,62 euros máis 814.815,03 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un cómputo total de 4.694.886,65euros e está integrado polos seguintes conceptos desglosados por lotes:

	Zona 1	Zona 2	Zona 3	Zona 4	Zona 8	Total
Orzamento Execución Material:	562.773,78 €	652.378,24 €	669.076,28 €	647.553,75 €	728.782,33 €	3.260.564,38 €
Gastos Xerais (13%):	73.160,59 €	84.809,17 €	86.979,92 €	84.181,99 €	94.741,70 €	423.873,37 €
Beneficio Industrial (6%):	33.766,43 €	39.142,69 €	40.144,58 €	38.853,23 €	43.726,94 €	195.633,87 €
Suma (OEM+GX+B):	669.700,80 €	776.330,10 €	796.200,78 €	770.588,97 €	867.250,97 €	3.880.071,62 €
IVE (21%):	140.637,17 €	163.029,32 €	167.202,16 €	161.823,68 €	182.122,70 €	814.815,03 €
Orzamento base de licitación:	810.337,97 €	939.359,42 €	963.402,94 €	932.412,65 €	1.049.373,67 €	4.694.886,65 €

O prezo total incluído IVE ascende a 4.694.886,65euros e financíase dacordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE	RC
2025	1.173.721,66 €	RC: 22025/2660
2026	2.347.443,34 €	RC: 220259/15
2027	1.173.721,65 €	RC: 220259/15
TOTAL	4.694.886,65€	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	3/36



financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2026 e 2027, as cantidades de 2.347.443,34 euros e 1.173.721,65 euros respectivamente nas aplicacións orzamentarias indicadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA AS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO E VIXILANCIA DA SAÚDE, ASÍ COMO O NECESARIO APOIO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL E ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA, ASÍ COMO O SERVIZO DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS.


Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 7 de febreiro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

1. Providencia de inicio e memoria xustificativa, con CSV: IV7VQUIMLQX3UTPKYVPQKFRPK4.
2. Pregos de prescricións técnicas, con CSV: IV7VQUIPPJHK3BEISD4X6BBWOU.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7VS23IOEWNRPZTRFHCN76GQ.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7VS6HNHEP6KRMT6BUN4ALTK4.
5. Informe xurídico con CSV: IV7VS6K2BMRMRO6PAROEIZBSIA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7VS6IPDLZIZKGPYZHAHZ2O7Y.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7VS77TZMPKTXJ5Q56C73Y7CE.
8. Acordo de Xunta de Goberno do día 05 de decembro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7VSPDZN7XLTP7PDQQ4M4JXCU.
9. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 05 de decembro de 2024.
10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 23 de decembro de 2024, con CSV: IV7V62LCFYUKZOBTWBU54FCHI na que se recolle o seguinte:

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	4/36





“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
Cualtis S.L.U.

Tendo en conta que única empresa concorrente presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre A, documentación administrativa, resultando que a licitadora Cualtis S.L.U., polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a oferta presentada procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico, co seguinte resultado: Os Anexos I presentado pola empresa Cualtis S.L.U. axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presenta a memoria técnica e a Mesa acorda enviala a informe e valoración do Servizo de Prevención.(...)”

12. Acta da mesa de contratación do día 13 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7VYP24NUNOLGW2UIXTMRTDJY, na que se recolle o seguinte:

“De seguido, a Presidenta da Mesa de contratación procede á dar conta do informe emitido polo servizo de Prevención con CSV: IV7VYCLJPEG7X67D6U5CGUXWIQ, en relación á memoria técnica presentada por Cualtis, S.L.U.,sendo a conclusión do informe, a que se indica a continuación:


“(…), conclúese que a proposta resulta suficiente, xa que cumpre os mínimos esixidos pero non aporta melloras notables nin valor engadido respecto no contemplado no PPT, sendo o resultado final da valoración dos aspectos avaliábeis mediante xuízos de valor do expediente de contratación dun Servizo de Prevención Alleo Expediente GT Núm.: 2024/CON_02/00080:
Cualtis, S.L.U. Puntuación total.-7,45 puntos.”

Os membros presentes na Mesa de Contratación acordaron por unanimidade aceptar o informe de valoración da oferta técnica emitido polo servizo de Prevención.

A continuación, a Presidenta da Mesa informa que comeza a apertura pública do sobre relativo aos criterios avaliábeis automaticamente.Finalizada a apertura pública das ofertas os resultados da apertura son os indicados a continuación.

Oferta económica.

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	5/36



Cualtis, S.L.U.

CRITERIO	OFERTADO	PUNTUACIÓN
OFERTA ECONÓMICA-PARTE TÉCNICA. (Máx.20 puntos)	Comprométese a executar o obxecto do contrato, comprometéndose á realización dun desconto dun 3,54 % sobre o prezo de licitación establecido para a totalidade da parte técnica (96.000 euros +IVE).	20 PUNTOS
OFERTA ECONÓMICA- VIXILANCIA COLECTIVA DA SAÚDE. (Máx.10 puntos)	Comprométese a executar o obxecto do contrato, comprometéndose á realización dun desconto dun 0,80 % baixa ofertada sobre o prezo de licitación da vixilancia colectiva da saúde (30.000 euros +IVE).	10 PUNTOS
OFERTA ECONÓMICA- RECOÑECEMENTOS MÉDICOS E ACTUACIÓNS SANITARIAS ESPECÍFICAS. (Máx.10 puntos)	Comprométese a executar o obxecto do contrato, comprometéndose á realización dun desconto dun 0,50 % baixa ofertada sobre os prezos unitarios recollido no PPT dos recoñecementos médicos e actuacións sanitarias específicas.(Apartado 6.2 e 6.4 PPT).	10 PUNTOS
FORMACIÓN ADICIONAL. (Máx.10 puntos)	(MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA) <input type="checkbox"/> Realizar 2 cursos adicionais/ano cun mínimo de 3 horas de duración/curso. (5 puntos) <input checked="" type="checkbox"/> Realizar 4 cursos adicionais/ano cun mínimo de 3 horas de duración/curso. (10 puntos) <input type="checkbox"/> Non oferta a realización de cursos adicionais. **Documentación que debe acompañar a oferta: Programación anual da formación. <input checked="" type="checkbox"/> Aporta documentación <input type="checkbox"/> Non aporta documentación	10 PUNTOS
REALIZACIÓN DE CAMPAÑAS E/OU PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE. (Máx.10 puntos)	(MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA) <input type="checkbox"/> Realizar 2 campañas e/ou programas de promoción da saúde. (5 puntos) <input checked="" type="checkbox"/> Realizar 4 campañas e/ou programas de promoción da saúde (10 puntos) <input type="checkbox"/> Non oferta a realización de campañas e/ou programas de promoción da saúde. **Documentación que debe acompañar a oferta: Programación anual. <input checked="" type="checkbox"/> Aporta documentación <input type="checkbox"/> Non aporta documentación	10 PUNTOS
MELLORA DOS RECOÑECEMENTOS MÉDICOS ANUAIS. (Máx.25 puntos)	NON OFERTA	0 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL		60 PUNTOS

Acórdase dar traslado ao servizo de Prevención da documentación acreditativa do ofertado nos apartados (1) formación adicional; (2) realización de campañas e/ou programas de promoción da saúde sen que sexa obxecto de valoración.

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal: (cláusula “K” do cadro resume do PCAP).

“A consideración de oferta con valores anormais ou desproporcionados calcúlase en base ao global do ofertado no criterio de prezo en comparativa co prezo de licitación (58.080 +18.150+24.000 = 100.230 euros *2 anos), é dicir, o importe a comparar é o resultado de multiplicar o prezo unitario ofertado polos recoñecementos médicos estimados (2 anos*600 traballadores * prezo unitario ofertado€/traballador) máis o custe do servizo de prevención parte técnica e o custe da vixilancia colectiva da saúde. (Xúntase o cálculo estimado do estudo de custos para a licitación, indicado os recoñecementos médicos estimados).O importe das actuacións específicas non se ten en conta para o cálculo da oferta desproporcionada porque é un valor residual en comparación co resto dos conceptos que integran o prezo do servizo.”

SERVIZOS	PREZO SEN IVE	% de redución ofertado	TOTAL
Servizo de Prevención Parte Técnica	96.000,00 €	3,54%	92.601,60 €
Prezo Vixilancia da saúde	Vixilancia colectiva saúde	30.000,00 €	29.760,00 €
	Recoñecemento médico	48.000,00 €	47.760,00 €
	174.000,00 €	2,23%	170.121,60 €

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	6/36





Á vista dos cálculos realizados, resulta que a oferta non ten a consideración de oferta con valores anormais ou desproporcionados xa que supón unha baixa do 2,23 % respecto do prezo base de licitación sen ter en conta o importe das actuacións específicas.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade dos presentes elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CUALTIS, S.L.U.	67,45 PUNTOS

2º.- Requerir a Cualtis, S.L.U. para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.


Cálculos para determinar o importe da garantía definitiva:

SERVIZOS	PREZO SEN IVE (2 anos)	% de redución ofertado	TOTAL	
Servizo de Prevención Parte Técnica	96.000 €	3,54%	92.601,60€	
Prezo Vixilancia da saúde	Vixilancia colectiva saúde	30.000 €	0,80%	29.760,00€
	Recoñecemento médico	48.000 €	0,50%	47.760,00€
	Actuacións sanitarias específicas	12.000€	0,50%	11.940,00€
	186.000 €		182.061,60€	

IMPORTE ADXUDICACIÓN SEN IVE	IMPORTE GARANTÍA (5%)
182.061,60 €	9.103,08€

A maiores deberá acreditar documentalmente xunto coa a documentación referenciada na cláusula décimo sétima do PCAP a relacionada na cláusula "M" e "N" do cadro resumen do PCAP.

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	7/36



Declaración responsable do persoal mínimo esixido no apartado 5.8 do PPT para a correcta execución do obxecto do contrato, sendo o relacionado a continuación:

2.a)O SPA terá como mínimo (ver cláusula 5.8 PPT).

2 Técnicos Superiores en Seguridade no Traballo.

2 Técnicos Superiores en Hixiene Industrial.

1 Técnico Superior en Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada

1 Unidade Médica Básica (un médico do traballo e un enfermeiro do traballo que garantan a cobertura do cadro de persoal da Deputación Provincial de Lugo).

A empresa terá que aportar as titulacións correspondentes , así como os currículos, onde conste a antigüidade e experiencia esixida do persoal adscrito.

2.b)Deberán acreditar mediante unha declaración responsable os recursos humanos que destinarán para actividades formativas e de promoción da saúde, indicando as titulacións correspondentes dos mesmos.

Habilitación empresarial ou profesional: Segundo o disposto na cláusula 5.1. do PPT a empresa proposta aportará que dispón de acreditación para o desempeño das 4 disciplinas preventivas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante certificación emitida pola autoridade laboral da Comunidade Autónoma de Galicia, así coma da Autoridade Sanitaria competente segundo o establecido no RD 843/2011 de 17 de xuño para prestar o servizo sanitario de SPA.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

13. Resolución da Presidencia do día 16 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7V2SRJLEPSYSHNW4QQK5RW4A, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados.


14. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 21 de xaneiro de 2025.

Reunida a Mesa de contratación no día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a empresa presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Non obstante, cabe destacar os seguintes aspectos da documentación presentada.

1.- Se incorpora un documento que informa sobre a fusión por absorción entre Cualtis, S.L.U. y Vitaly Health Services, S.L.U.:

“Doña Gema Lozano Casado con Número de D.N.I. 09XXX40P en representación de la empresa Vitaly Health Services S.L. con CIF B-06290241 en calidad de apoderada,

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	8/36





Informa que:

Continuando con la trayectoria de conformación de Vítaly, compañía líder de seguridad y salud en España, le informamos de la formalización del proceso de fusión por absorción llevado a cabo entre las sociedades Cualtis, S.L.U en Vitaly Health Services, S.L.U., con efectos a partir del 1 de enero de 2025.

Todas las condiciones de la colaboración que mantenía con Cualtis, S.L.U. se mantienen idénticas con la entidad absorbente, Vitaly Health Services, S.L.U., cuyos datos detallamos a continuación:

Razón social: Vitaly Health Services, S.L.U.

Domicilio social: Avda. de la Innovación, n.º 2 (06006 Badajoz)

CIF: B-06290241

(...)"

Tendo en conta o anterior, cómpre mencionar o artigo 144 da LCSP que di:

"Si durante la tramitación de un procedimiento y antes de la formalización del contrato se produjese una operación de fusión, escisión, transmisión del patrimonio empresarial o de una rama de la actividad, le sucederá a la empresa licitadora o candidata en su posición en el procedimiento la sociedad absorbente, la resultante de la fusión, la beneficiaria de la escisión o la adquirente del patrimonio empresarial o de la correspondiente rama de actividad, siempre que reúna las condiciones de capacidad y ausencia de prohibición de contratar y acredite su solvencia y clasificación en las condiciones exigidas en el pliego de cláusulas administrativas particulares para poder participar en el procedimiento de adjudicación."

Infórmase que a empresa absorbente, Vitaly Health Services, S.L.U., acredita documentalmente reunir todas as condicións de capacidade e ausencia de prohibición de contratar e acredita a súa solvencia nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

2.- Aclarar que as contas anuais presentadas para acreditar a solvencia económica son as de Preving Consultores SLU, socio único de Vitaly Health Services, S.L.U,

Deste xeito recóllese na memoria do exercicio rematado o 31 de decembro de 2023 que acompañan as contas anuais de 2023, que di:

"Vitaly Health Services, S.L. (Sociedad Unipersonal), anteriormente denominada Preving Consultores S.L.U., fue constituída por tiempo indeterminado el 18 de setiembre de 1998. Con fecha 12 de setiembre de 2023, en consignación de

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	9/36



decisiones de su socio único, Preving Investments Group, S.L. se acordó el cambio de denominación social de Preving Consultores SLU, a Vitaly Health Services, S.L.U. (...)"

Tendo en conta o antedito queda acreditada a solvencia, e aínda que non fose socio único, seguiría estando acreditado xa que a lei permite acreditar a solvencia con medios externos.

3.- Incorpórase informe emitido polo servizo de Prevención que conclúe que: "(...) unha vez comprobada a documentación aportada pola licitadora, infórmase favorablemente sobre o cumprimento por parte da mesma dos requisitos establecidos no PPT, posto que queda acreditada documentalmente tanto a súa habilitación empresarial ou profesional pola Autoridade Laboral competente para a actividade ofertada como a dispoñibilidade do persoal mínimo esixido para a correcta execución do contrato, tanto en número como en capacitación e experiencia para todas as especialidades preventivas ademais dos recursos humanos que destinarán para actividades formativas e de promoción da saúde con indicación das súas titulacións."

Visto que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Vitaly Health Services, S.L.U. a contratación dun servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicosocioloxía aplicada, así como o servizo de coordinación de actividades empresariais, por un importe de 182.061,60€ ao que se aplicará un IVE do 21 %, 25.695,94 €, o que fai un total de 207.757,54 € para os dous anos de contrato.

SERVIZOS	PREZO SEN IVE (2 anos)	% de redución ofertado	TOTAL SEN IVE	IVE	TOTAL CON IVE	
Servizo de Prevención Parte Técnica	96.000 €	3,54%	92.601,60€	19.446,34€	112.047,94€	
Prezo Vixilancia da saúde	Vixilancia colectiva saúde	30.000 €	0,80%	29.760,00€	6.249,60€	36.009,60€
	Recoñecemento médico	48.000 €	0,50%	47.760,00€	EXENTO	47.760,00€
	Actuacións sanitarias específicas	12.000€	0,50%	11.940,00€	EXENTO	11.940,00€
	186.000 €		182.061,60€	25.695,94€	207.757,54€	

A maiores a empresa oferta:
Realizar 4 cursos adicionais/ano cun mínimo de 3 horas de duración/curso.

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	10/36





Realizar 4 campañas e/ou programas de promoción da saúde.

A duración do contrato é de dous (2) anos, con entrada en vigor na data que figure na acta de inicio, no caso de non existir, da data e sinatura do contrato, sen posibilidade de prórroga.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11:34 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

15. Incorpórase ao expediente informe do servizo de contratación con CSV: IV7VG7CLLHXZX7UTSP7CIL3VAE, co seguinte teor literal:

“*Antecedentes.*

1.-Habéndose detectado un erro aritmético na cuantificación do importe de adxudicación e por ende no importe da garantía definitiva da que se deu traslado á licitadora mediante requirimento realizado a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 21 de xaneiro de 2025, xa que onde dicía;


“(…)

2º.- Requerir a Cualtis, S.L.U. para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Cálculos para determinar o importe da garantía definitiva:

SERVIZOS		PREZO SEN IVE (2 anos)	% de redución ofertado	TOTAL
Servizo de Prevención Parte Técnica		96.000 €	3,54%	92.601,60€
Prezo Vixilancia da saúde	Vixilancia colectiva saúde	30.000 €	0,80%	29.760,00€
	Recoñecemento médico	48.000 €	0,50%	47.760,00€
	Actuacións sanitarias específicas	12.000€	0,50%	11.940,00€
		186.000 €		182.061,60€

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	11/36



IMPORTE ADJUDICACIÓN SEN IVE	IMPORTE GARANTÍA (5%)
182.061,60 €	9.103,08€

(...)"

Debería decir:

"(...) 2º.- Requerir a Cualtis, S.L.U. para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Cálculos para determinar o importe da garantía definitiva:

SERVIZOS	PREZO SEN IVE (2 anos)	% de redución ofertado	TOTAL	
Servizo de Prevención Parte Técnica	96.000 €	3,54%	92.601,60€	
Prezo Vixilancia da saúde	Vixilancia colectiva saúde	30.000 €	0,80%	29.760,00€
	Recoñecemento médico	48.000 €	0,50%	48.000,00€
	Actuacións sanitarias específicas	12.000€	0,50%	12.000,00€
	186.000 €		182.361,60€	

IMPORTE ADJUDICACIÓN SEN IVE	IMPORTE GARANTÍA (5%)
182.361,60 €	9.118,08€

(...)"

Informo,

Que tendo en conta o antedito , e non ser un erro imputable ao contratista, xa que a licitadora aportou toda a documentación dentro do prazo e de xeito correcto conforme ao requirimento realizado,se presupon boa vontade no cumprimento da documentación e polo tanto boa disposición para aportar a garantía complementaria á definitiva pola diferenza, que suporía incrementar a garantía en 15 euros.

No caso que o licitador non deposite os 15 euros en concepto de garantía complementaria con anterioridade a elevar o acordo de adjudicación á Xunta de Goberno, procede igualmente realizar a adjudicación e condicionar á formalización á aportación do resguardo acreditativo de realizar unha garantía complementaria á garantía definitiva inicialmente aportada pola licitadora, por un importe de 15 euros (5% de 300 euros) , unha vez reciba a notificación da adjudicación do contrato ao seu favor, e, en todo caso, deberá realizarse con carácter previo á formalización do contrato.

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	12/36





Se tenga en conta o informado aos efectos de elevar á Xunta de Goberno a adxudicación do contrato.”

16. A empresa Vitaly Health Services, S.L.U. aporta resguardo acreditativo datado do día 12.02.2025 de realizar unha garantía complementaria á garantía definitiva aportada pola licitadora, por un importe de 15 euros (5% de 300 euros), dando cumprimento ao informado polo servizo de Contratación en data 12 de febreiro de 2025 e CSV: IV7VG7CLLHXZX7UTSP7CIL3VAE.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Vitaly Health Services, S.L.U. a contratación dun servizo de prevención alleo para as especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, así como o necesario apoio ao servizo de prevención propio da Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada, así como o servizo de coordinación de actividades empresariais, por un importe de 182.361,60 € ao que se aplicará un IVE do 21 %, 25.695,94 €, o que fai un total de 208.057,54 € para os dous anos de contrato.

SERVIZOS	PREZO LICITACIÓN SEN IVE/ 2 anos	% desconto ofertado/ Prezos unitarios resultantes aplicando o desconto	TOTAL (IVE NON INCLUIDO)	IVE	TOTAL (IVE ENGADIDO)
Servizo de Prevención Parte Técnica (Aboado contra facturas semestrais Ap.6.1 PPT)	96.000 €	3,54%	92.601,60€	19.446,34€	112.047,94€
Prezo Vixilancia da saúde (Prezos unitarios recollidos no Ap.6 PPT)	Vixilancia colectiva saúde. Aboado contra facturas semestrais.	0.80 %/p.u. Prezos unitarios resultantes: 24,80€/traballador	29.760 €	6.249,60€	36.009,60€
	Recoñecemento médico(IVE EXENTO) Aboado contra facturas mensuais e segundo os recoñecementos efectuados.	0.50% Prezos unitarios resultantes: 39,8€/traballador*recoñecementos médico		EXENTO	48.000 €
	Actuacións sanitarias específicas (IVE EXENTO) Aboado contra facturas mensuais e segundo as probas efectuadas. **A RELACIÓN DE ACTUACIÓNS SANITARIAS NON É LIMITATIVA	12.000 €	0.50%/p.u. Prezos unitarios resultantes: Hepatite A(IgG) soro: 6,92€ Hepatite B (Anti Hbs): 5,92€ Hepatite C (IgG): 5,92€ Seroloxia de VIH: 5,92€ RX de torax 39,80€ Colinesterasa 3,93€ Manganeso en sangue: 12,89€ Brucella 12,89€ PCR 59,70€	12.000€	EXENTO
	186.000€		182.361,60€	25.695,94€	208.057,54€

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	13/36



A maiores a empresa oferta:

Realizar 4 cursos adicionais/ano cun mínimo de 3 horas de duración/curso.

Realizar 4 campañas e/ou programas de promoción da saúde.

2º.- A distribución por anualidades é a seguinte (previsión de inicio o día 1 de abril de 2025).

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2025	220249/620	78.021,58
2026	220249/620	104.028,77
2027	220249/620	26.007,19

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2025, polos importes relacionados, para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2026 e 2027 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas anteriormente.

3º.- A duración do contrato é de dous (2) anos, con entrada en vigor na data que figure na acta de inicio, no caso de non existir, da data e sinatura do contrato, sen posibilidade de prórroga, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.


4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Fecha y Hora	18/02/2025 14:40:39
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VHQDTZJEOR775AJMH5YZO6Q	Página	14/36





4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA QUE CONSTITÚE A BASE DE DATOS DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN ASÍ COMO O MÓDULO DO SERVIZO DE CONTABILIDADE E CONTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de xaneiro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

1. Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de xestión tributaria e recadación, con CSV: IV7VSYPI3AOP53GYWEYG6FAO4Y¹.
2. Prego de prescricións técnicas elaborado polo Servizo de xestión tributaria e recadación, con CSV: IV7VSYPI3AOP53GYWEYG6FAO4Y¹.
3. Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7VXXCLZDVPLTGICBUMMVXD7Y.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7VTWBZHRHCUT7NCY6CEBJPPY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7VTWB4PM76J3ZZBQYH6RQCCQ.
6. Informe de fiscalización/ intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7VTWSSLN662SNPVQEBF5XHCM.
